

Lugo, 26 de xullo de 2022.- O Presidente: José Tomé Roca. O Secretario Xeral: José Antonio Mourelle Cillero

R. 2140

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS-SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29.07.2022 POLO QUE SE RESOLVE O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA PROVER UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xullo de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Técnico/a Superior Forestal, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical, grupo A - subgrupo A1, correspondentes á Oferta de Emprego para o ano 2018, cuxas bases xerais fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 089 e 112, de 20 de abril e 18 de maio de 2020, e cuxa convocatoria e bases específicas foron publicadas no BOP núm. 193 e 011, de 23 de agosto de 2021 e 15 de xaneiro de 2022; vista a proposta do Tribunal Cualificador, visto que o aspirante seleccionado acreditou dentro de prazo, a documentación a que se refire a base xeral 4 e a base específica 4 que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto o establecido no artigo 56 da Lei 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); esta presidencia, en representación do Tribunal Cualificador e de acordo coa base xeral 11, propón á Xunta de Goberno resolver definitivamente o procedemento selectivo nomeando a:

***Don Luís Jesús Fernández Reija**, para ocupar a praza de Técnico Superior Forestal, número 906, escala administración especial, subescala técnica, técnicos superior, grupo A - subgrupo A1 (artigo 76 da Lei 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á OEP para o ano 2018, reservada a promoción interna vertical.*

O aspirante continuará no mesmo posto que obtivo por concurso con carácter definitivo denominado Xefe de Sección I Medio Ambiente (Acordo Xunta de Goberno de data 3.05.2019), por seguir cumprindo os requisitos e condicións para o seu desempeño.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

Para cumprimento da base xeral 12, dáse publicidade ao acordo, coa indicación de que pon fin á vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación do presente acordo ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, a 1 de agosto de 2022.- O SECRETARIO P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 2177

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

O presente documento estará
exposto no Taboero de
Anuncios desta Deputación
desde o día 4-08-2022
ata a día 5-09-2022
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

Edicto de Exposición ao público

A través do Decreto número 7369/2022 do día 14 de julio aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondientes ao segundo trimestre de 2022, que se exponen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo